

MÍNIMOS PARA PROMOCIONAR EN 6º DE PRIMARIA

MATEMÁTICAS

Sentido numérico

- Le, escribe e ordena números naturais ata sete cifras, fraccións e decimais (ata as milésimas).
- Utiliza números negativos en contextos reais.
- Coñece e aplica os criterios de divisibilidade por 2, 3, 5, e 10.
- Realiza operacións de suma, resta, multiplicación e división con números naturais, fraccións e números decimais.
- Comprende e aplica potencias sinxelas e identifica os seus elementos.
- Calcula a porcentaxe dunha cantidade.
- Indica situacións de proporcionalidade e non proporcionalidade.

Sentido da medida

- Recoñece, ordena, clasifica e usa as unidades de medida, capacidade, masa, lonxitude e superficie.
- Distingue os distintos tipos de ángulos, medidas de tempo en situacións habituais o da súa contorna.
- Utiliza instrumentos de debuxo (regla, compás e transportador de ángulos).

Sentido espacial

- Realiza e interpreta relación xeométricas, posicións, movementos, simetrías e translacións en distintos contextos.
- Distingue as figuras xeométricas fundamentais. (cubo, prisma e pirámide)
- Calcula a área e perímetro de rectángulo, cadrado e triángulo.
- Identifica os elementos básicos da circunferencia e o círculo e calcula a lonxitude da circunferencia e a área do círculo.

Sentido algebraico

- Resolve problemas con precisión de acordo coa dificultade da situación, coa localización de preguntas e datos, representación gráfica a través de táboas de datos e resolución.
- Desenvolve e aplica estratexias de razoamento.

Sentido estocástico

- Identifica datos cualitativos e cuantitativos.
- É capaz de calcular a media dun conxunto de datos.
- Realiza e interpreta gráficos sinxelos: diagrama de barras, poligonais e sectoriais.

CIENCIAS SOCIAIS

Ciencia e tecnoloxía

- Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, a analiza, obtén conclusións, reflexiona respecto ao proceso seguido e o comunica oralmente e/ou por escrito.
- Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisión

O mundo e o desenvolvemento sostible

- Participa en actividades de grupo adoptando un comportamento responsable, construtivo e solidario e respecta os principios básicos do funcionamento democrático.
- Define clima, nomea os seus elementos e identifica os factores que o determinan.
- Localiza nun mapa o relevo de Europa, as súas vertentes hidrográficas e o seu clima.

Vivir en sociedade

- Explica que é a Unión Europea.
- Coñece a organización política e a xestión do territorio de España e de Europa.
- Normaliza a igualdade de xénero e condutas non sexistas e ten espírito crítico ante os estereotipos e roles dos homes e mulleres.
- Coñece as normas básicas en seguridade viaria, as condutas e hábitos correctos.

Lección do pasado

- Sitúa nunha liña de tempo as etapas históricas máis importantes das distintas idades da historia en España e os principais acontecementos que se produciron durante os séculos XIX, XX e XXI.
- Coñece o patrimonio natural e cultural como ben e recurso; o seu uso, coidado e conservación.

CIENCIAS NATURAIS

Cultura científica

- Formula preguntas e realiza predicións razoadas a través da observación e diseña e realiza experimentos con rexistro de datos sinxelos.
- Utiliza estratexias para estudar e traballar de forma eficaz individualmente ou en equipo.

A vida do noso planeta

- Coñece os aspectos xerais das funcións vitais e dos aparellos implicados.
- Identifica e describe as principais características dos aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explica as principais funcións.

CRITERIOS MÍNIMOS PARA PROMOCIONAR – 3º CICLO – CEIP PÁRROCO DON CAMILO
DATA DE APROBACIÓN: 28 DE MAIO DE 2024-ENTRADA EN VIGOR: 1 DE SETEMBRO DO 2024

- Identifica e describe a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas.
- Distingue os cambios físicos, emocionais e sociais que supón a puberdade e a adolescencia para aceptalos de forma axeitada.
- Adopta hábitos de vida saudables para previr accidentes e enfermidades: alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso axeitado.

Materia, forza e enerxía

- Identifica as propiedades, características e organización da materia e dos materiais.
- Identifica e explica as formas e fontes de enerxía e a súa influencia no medio.

Tecnoloxía e dixitalización

- Utiliza dispositivos e recursos dixitais para a busca de información e creación de contidos dixitais sinxelos.
- Presenta algún proxecto desenvolto, utilizando diferentes soportes e estratexias de comunicación, explicando de forma oral ou escrita os pasos seguidos.

LINGUA GALEGA E LITERATURA

Expresión oral.

- Participa axeitadamente nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo coas propostas propias.
- Fai pequenas exposicións na aula.
- Planifica e elabora un discurso oral coherente.

Compresión oral

- Comprende o sentido de textos orais, reconece o tema e identifica as ideas principais e secundarias.

Compresión escrita

- Comprende o sentido de textos escritos, reconece o tema e identifica as ideas principais e secundarias.

Expresión escrita

- Redacta textos escritos coherentes seguindo as normas gramaticais, ortográficas e de puntuación.

Reflexión sobre a lingua

- Reconece as diferentes categorías gramaticais pola súa función na lingua: substantivo, artigo, pronome, adxectivo e verbo.

CRITERIOS MÍNIMOS PARA PROMOCIONAR – 3º CICLO – CEIP PÁRROCO DON CAMILO
DATA DE APROBACIÓN: 28 DE MAIO DE 2024-ENTRADA EN VIGOR: 1 DE SETEMBRO DO 2024

- Distingue as formas verbais persoais e non persoais dos verbos.
- Diferencia as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas.
- Recoñece as oracións simples dentro dun texto. Identifica o suxeito, o predicado e os seus núcleos.

Educación literaria

- Recoñece as características fundamentais dos diferentes xéneros literarios: narrativa, poesía e teatro.

LENGUA Y LITERATURA

Expresión Oral

- Transmite ideas con claridad, coherencia y corrección.
- Resume oralmente los contenidos de noticias, entrevistas y debates procedentes de distintos medios.
- Realiza exposiciones orales sobre diversos temas.

Comprensión Oral

- Comprende el sentido de textos orales, reconociendo el tema, las ideas principales, las ideas secundarias, los mensajes explícitos e implícitos.

Comprensión Escrita

- Comprende el sentido de textos escritos, reconociendo el tema, las ideas principales, las ideas secundarias, los mensajes explícitos e implícitos.

Expresión Escrita

- Redacta textos escritos coherentes siguiendo las normas gramaticales, ortográficas (b/v; h/; x/s; g/j) y de puntuación.

Reflexión sobre la lengua

- Identifica las diferentes categorías gramaticales por su función en la lengua: determinante, sustantivo, adjetivo y verbo.
- Conjuga y utiliza con corrección los verbos regulares.
- Construye oraciones simples y las reconoce en un texto. Identifica el sujeto, el predicado y sus núcleos.

Educación Literaria

- Reconoce los diferentes tipos de textos literarios estableciendo diferencias: narrativos, poéticos y teatrales.

LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS)

Comprensión oral

- Comprende o sentido xeral e información específica de textos orais, facendo uso de distintos tipos de apoio.

Expresión oral

- Expresa mensaxes breves e responde a propósitos comunicativos cotiás.

Comprensión escrita

- Recoñece e interpreta textos breves e sinxelos deducindo aspectos polo seu contexto.

Expresión escrita

- Escribe expresións e frases breves usando as estruturas e o léxico traballado.

EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL

Bloque 1: educación plástica e visual - percepción e análise

- Identifica, describe e compara de forma oral polo menos dous elementos en manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais presentadas e traballadas na aula (cor, liñas, formas...)

Bloque 2: educación plástica e visual - creación e interpretación

- Produce obras propias aplicando as técnicas básicas de debuxo e modelado. (Finaliza e entregaun mínimo de 80% das obras.)

Bloque 3: educación audiovisual - percepción e análise

- Distingue dúas propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros e estilos traballados na aula.

Bloque 4: educación audiovisual - creación e interpretación

- Produce polo menos dúas obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpoe a imaxe.

VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

- Xestiona equilibradamente pensamentos, sentimentos e emocións.
- Aмосa convivencia democrática, xusta, inclusiva, respectuosa e pacífica.

CRITERIOS MÍNIMOS PARA PROMOCIONAR – 3º CICLO – CEIP PÁRROCO DON CAMILO
DATA DE APROBACIÓN: 28 DE MAIO DE 2024-ENTRADA EN VIGOR: 1 DE SETEMBRO DO 2024

- Participa en actividades que promoven consumo responsable e uso sostible dos recursos.

RELIXIÓN

- Recoñece e valora o significado de festa do Nadal.
- Introdúcese no coñecemento das distintas relixións do mundo.
- Identifica valores cristiáns, amor, tolerancia e caridade.
- Entende e explica o concepto de Igrexa.

MÚSICA E DANZA

- Emprega a voz para o canto individual ao unísono cuidando a dicción, articulación e a afinación.
- Realiza distintas coreografías empregando o espazo dispoñible con respecto a sí mesmo e aos seus compañeiros.
- Emprega a notación musical para a lectura de esquemas rítmicos e melódicos.
- Recoñece as cualidades do son e os elementos da linguaxe musical.
- Responde a fórmulas rítmicas e melódicas mediante o movemento, a voz ou os instrumentos.
- Interpreta pezas musicais con flauta dulce.
- Amosa responsabilidade no traballo individual e colectivo.
- Manifesta respecto na recepción e realización de propostas artísticas musicais, escénicas e performativas.

PROXECTO COMPETENCIAL

- Presenta o proxecto realizado con, alomenos, dous produtos finais válidos, empregando unha linguaxe verbal comprensible e clara.

EDUCACIÓN FÍSICA

- 1.Coñece e emprega as diferentes partes do seu corpo para o exercicio físico, distinguindo a dereita en si mesmo, nos compañeiros e con respecto aos obxectos.
- 2.Aplica as normas básicas de alimentación e hixiene relacionadas coa actividade física.
- 3.Emprega as medidas de seguridade necesarias para previr accidentes no desenrolo da actividade física.
- 4.Sincroniza os seus movementos corporais a diferentes cambios nas condicións dunha actividade: intensidade, duración e espazo no que se desenvolve. Abdominais 30 segundos.

CRITERIOS MÍNIMOS PARA PROMOCIONAR – 3º CICLO – CEIP PÁRROCO DON CAMILO
DATA DE APROBACIÓN: 28 DE MAIO DE 2024-ENTRADA EN VIGOR: 1 DE SETEMBRO DO 2024

- 5.Executa con eficacia, ritmo e intensidade os desprazamentos en carreira, coa posta en acción, os cambios de dirección, velocidade de execución, etc. axeitados. Corre 4 minutos.
- 6.Disocia os segmentos corporais superiores e inferiores do eixe corporal e adapta os seus movementos a diferentes situacións espazo-temporais.
- 7.Coordina axeitadamente os xiros, as carreiras e os saltos na actividade física.
- 8.Lanza obxectos cunha boa execución e precisión nas distancias curtas e sobre obxectos estáticos e dinámicos.
- 9.Participa en todas as actividades propostas aceptando aos seus compañeiros, ao marxe da súa condición social, cultural, sexual, etc.
- 10.Coñece basicamente as principais regras dos deportes máis coñecidos.
- 11.Emprega de forma axeitada os espazos e materiais cos que se desenrola a actividade física.
- 12.Respectar as normas consensuadas, así como as regras dos xogos nos deportes de equipo.
- 13.Participar activamente en xogos motores e noutras manifestacións artístico-expresivas con arraigamento na cultura propia, tradicional ou actual, así como noutros procedentes de diversas culturas.
- 14.Convivir mostrando no contexto das prácticas motrices habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade.
- 15.Reproducir e crear composicións con ou sen soporte musical, e comunicar diferentes sensacións, emocións e ideas.